REUNIÓN DA COMISIÓN 1.ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Día: 24.11.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO
DE GALICIA

A Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 24 de novembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 12986 (10/POC-002233)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a anulación das sentenzas militares ditadas por tribunais creados "ad hoc" que condenaron persoas inocentes durante os anos da Guerra Civil por defender a legalidade republicana e a opinión do Goberno galego en relación co recoñecemento, reparación e dignificación da memoria das vítimas da Guerra Civil e do franquismo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017

1.2 15752 (10/POC-002832)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre o papel que está a desenvolver a Academia Galega de Seguridade Pública na elaboración de programas formativos e na impartición de cursos de formación e perfeccionamento co fin de dotar o persoal do Servizo de Protección Civil, grupos de emerxencias supramunicipais e corpos de bombeiros dun certificado de profesionalidade en emerxencias homologado polo Sistema Nacional de Cualificacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017

1.3 19162 (10/POC-003153)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co funcionamento do servizo de atención ás emerxencias 112 durante a situación de crise provocada pola vaga de lumes rexistrada a mediados de outubro de 2017, as razóns existentes para non adoptar as medidas necesarias co fin de evitar situacións de risco nas vías de comunicación e as súas previsións respecto da adopción dalgunha medida para mellorar a resposta a este tipo de situacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017

1.4 19656 (10/POC-003220)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre a sentenza xudicial referida ás irregularidades denunciadas no Concello de Palas de Rei
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 5108 (10/PNC-000487)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co fin de regular o ámbito material das leis chamadas "de medidas" ou "de acompañamento," relacionadas coa Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017

2.2 13259 (10/PNC-001246)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para impulsar o proxecto Rugby nos cárceres
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017

2.3 20006 (10/PNC-001624)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación cos ataques rexistrados contra o monumento que homenaxea as vítimas do franquismo e as súas familias na Volta da Moura, nos lindes dos concellos de Tui, O Porriño e Salceda de Caselas, así como a creación dunha rede de lugares da memoria democrática galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

PARLAMENTO
DE GALICIA

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 1.ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

César Manuel Fernández Gil	P

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira	P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 24.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 24.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 12986(10/POC-002233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a anulación das sentenzas militares ditadas por tribunais creados "ad hoc" que condenaron persoas inocentes durante os anos da Guerra Civil por defender a legalidade republicana e a opinión do Goberno galego en relación co recoñecemento, reparación e dignificación da memoria das vítimas da Guerra Civil e do franquismo

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 11:34
Nº Rexistro: 12986
Data envio: 21/07/2017 11:34:17.424

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A memoria das vítimas da Guerra Civil e o franquismo, o seu recoñecemento, reparación e dignificación representa un inescusable deber moral na vida política e é signo da calidade da democracia. A historia non pode ser construída dende o esquecemento e o silencio dos vencidos. O coñecemento do noso pasado recente contribúe a asentar a nosa convivencia sobre bases máis firmes, protexéndonos de repetir erros do pasado. Porque o esquecemento non é opción para unha Democracia.

Coa aprobación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, coñecida como Lei da memoria histórica, a sociedade española avanzou cara a unha Democracia estable e consolidada, cara a concordia. Con esta lei, o Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero quixo recuperar a memoria daquelas persoas que padeceran persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a ditadura franquista, dando solución a aquelas situacións non contempladas no esforzo de reparación e compensación que viñan desenvolvendo o Estado e as comunidades autónomas dende 1978. Esta lei tivera no seu primeiro ano de vixencia un alto grado de cumprimento, pero foi unha tarefa inacabada e inxustificadamente interrompida. O Goberno do Partido Popular acabou deixando sen efecto esta lei, de maneira que en 2013 desapareceu do orzamento.

A día de hoxe, quedan aínda cuestións pendentes neste ámbito e que foron postas de manifesto polo relator especial de Nacións Unidas nun informe de agosto de 2014. Unha destas cuestións pendentes é a relativa á nulidade daquelas sentenzas militares que condenaron a persoas inocentes a morte ou a cadea perpetua durante os anos da Guerra Civil. Sentenzas ditadas por tribunais creados *ad hoc* para as condenas, sen proba algunha e só por defender a legalidade republicana. A propia Lei de amnistía 46/1977, do 15 de outubro, recolle, como obxecto de amnistía, os delitos polos que foron

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 11:34
Nº Rexistro: 12986
Data envio: 21/07/2017 11:34:17.424

condenadas milleiros de persoas en Galicia entre os anos 1936 e 1940. Unha das medidas podería ser a reforma dos artigos 954 e seguintes da Lei de axuizamento criminal de 1882.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comparte o Goberno galego que a memoria das vítimas da Guerra Civil e o franquismo representa un inescusable deber moral na vida política?

2. Comparte o Goberno que cómpre acordar a anulación das sentenzas militares ditadas por tribunais creados *ad hoc*, que condenaron a persoas inocentes durante os anos da Guerra Civil só por defender a legalidade republicana?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/07/2017 11:29:33

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/07/2017 11:29:42

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 21/07/2017 11:29:47

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/07/2017 11:29:52

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 24.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 15752(10/POC-002832)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o papel que está a desenvolver a Academia Galega de Seguridade Pública na elaboración de programas formativos e na impartición de cursos de formación e perfeccionamento co fin de dotar o persoal do Servizo de Protección Civil, grupos de emerxencias supramunicipais e corpos de bombeiros dun certificado de profesionalidade en emerxencias homologado polo Sistema Nacional de Cualificacións

Publicación da iniciativa, 175, 14.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15752
Data envio: 07/09/2017 16:27:38.280

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago,Julia Rodríguez Barreira e **Jacobo Moreira Ferro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A potenciación da formación do persoal de seguridade e emerxencias a través da Academia Galega de Seguridade Pública foi patente durante a anterior lexislatura. En 2015 implementouse un novo modelo formativo, con itinerarios destinados á obtención do certificado de profesionalidade en emerxencias homologado polo Sistema Nacional de Cualificacións.

O programa electoral co que o Partido Popular de Galicia concorreu as eleccións do 2016 e co que obtivo a maioría absoluta, propoñía o fortalecemento do papel da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) no que atinxe ao enriquecemento do capital humano dos Servizos de Emerxencia, protección civil e de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, impulsando a calidade dos Servizos para unha mellor atención á cidadanía. Todo elo a través do desenvolvemento da formación inicial e continúa, formación actualizada e especializada para todas as categorías e todos os postos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguintes preguntas en Comisión:

Que papel está a xogar a Academia Galega de Seguridade Pública na elaboración dos programas formativos e impartición dos cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos Servizos de Protección Civil, GES e aos membros dos corpos de bombeiros, co obxectivo de dotar a este persoal dun certificado de profesionalidade en emerxencias homologado polo Sistema Nacional de Cualificacións?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 07/09/2017 16:22:15

María Isabel Novo Fariña na data 07/09/2017 16:22:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15752
Data envio: 07/09/2017 16:27:38.280

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

César Manuel Fernández Gil na data 07/09/2017 16:22:37

Antonio Mouriño Villar na data 07/09/2017 16:22:39

Alberto Pazos Couñago na data 07/09/2017 16:22:47

María Julia Rodriguez Barreira na data 07/09/2017 16:23:10

Jacobo Moreira Ferro na data 07/09/2017 16:23:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 24.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 19162(10/POC-003153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co funcionamento do servizo de atención ás emerxencias 112 durante a situación de crise provocada pola vaga de lumes rexistrada a mediados de outubro de 2017, as razóns existentes para non adoptar as medidas necesarias co fin de evitar situacións de risco nas vías de comunicación e as súas previsións respecto da adopción dalgunha medida para mellorar a resposta a este tipo de situacións

Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:54
Nº Rexistro: 19162
Data envio: 19/10/2017 16:54:58.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

Os crise dos lumes dos días 14, 15 e 16 de outubro provocaron unha situación de alarma e perigo, que afectou aos montes, instalacións industriais, granxas, vivendas, vías de comunicación, etc. No que é sen dúbida un fenómeno novo, os lumes mesmo afectaron a zonas urbanas das cidades.

A Xunta de Galiza, a través da Axencia de Emerxencias de Galiza, coordina o sistema de emerxencias e comunicacións para facerlle fronte a unha situación extrema como a que se viviu nesa fin de semana.

Máis alá da resposta operativa dos dispositivos de prevención e extinción de incendios, a realidade é que se produciron numerosos fallos na recepción de chamadas, na coordinación dos medios e na información ao público. Un dos principais problemas detectados foi a falta de comunicación e de coordinación a respecto de cortes en autoestradas, autovías e outras vías de comunicación, o que xerou situacións de alarma, pánico e perigo para as persoas usuarias destas infraestruturas.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:54
Nº Rexistro: 19162
Data envio: 19/10/2017 16:54:58.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Como valora o goberno galego o funcionamento do servizo de atención a emerxencias 112 durante a crise dos lumes dos días 14, 15 e 16 de outubro de 2017?

2. Producíronse fallos no sistema de recepción de chamadas e de comunicación aos diferentes servizos relacionados coas emerxencias?

3. Por que non se tomaron as medidas necesarias para evitar situacións de risco no caso das vías de comunicación que foron cortadas como consecuencia dos lumes?

4. En función da experiencia deses días, está previsto adoptar algunha medida para mellorar a resposta a este tipo de situacións de emerxencia?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Xosé Luis Rivas Cruz
Noa Presas Bergantiños
Ana Belén Pontón Mondelo
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 16:51:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:54
Nº Rexistro: 19162
Data envio: 19/10/2017 16:54:58.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 16:51:56

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 16:51:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 16:51:59

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 16:52:00

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 16:52:01

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 24.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 19656(10/POC-003220)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre a sentenza xudicial referida ás irregularidades denunciadas no Concello de Palas de Rei

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 18:24
Nº Rexistro: 19656
Data envio: 02/11/2017 18:24:52.193

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Luis Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª** relativa á condena do alcalde de Palas de Rei e varios membros do goberno local.

En xullo de este ano, a Audiencia Provincial de Lugo condenou ao alcalde de Palas de Rei, Pablo Taboada e ao concelleiro, Fernando Pensado, por un delito de prevaricación, pena que conleva a inhabilitación para exercer os postos que actualmente ocupan por un período de nove anos o primeiro e oito o segundo. Ademais sentenciouse a unha pena de quince meses de prisión os dous, por un delito de acoso laboral contra a secretaria do concello, persoa que denunciou esta situación. Outros catro membros do goberno local tamén foron condenados, neste caso a sete anos de inhabilitación por un delito de prevaricación.

Esta sentencia demostra os altos niveis de corrupción que viviu o concello durante os últimos anos, pero ademais a isto debémoslle engadir o acoso que sufriu a secretaria por denunciar as irregularidades que se producían. Dende que chegou ao concello, esta persoa negouse a firmar as irregularidades que realizaba o goberno local na concesión de subvencións ou contratacións públicas, o que propiciou unha situación de acoso laboral sobre esta traballadora, sendo habituais os insultos, difamacións e desplantes, coa apertura de varios expedientes disciplinarios, os cales foron rexeitados todos polos tribunais de xustiza.

Ante esta situación, o alcalde de Palas de Rei afirmou aos medios de comunicación ten pensado recorrer ao Supremo e non dimitir do seu cargo. Esta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 18:24
Nº Rexistro: 19656
Data envio: 02/11/2017 18:24:52.193

sentencia pon de manifesto unha situación de extrema gravidade que xera unha importante alarma social, polo que persoas así non deberían estar ocupando ningún cargo público.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para o seu debate en comisión:

- Tal e como estipula a sentenza, como valora o acoso laboral que sufriu a Secretaria do Concello de Palas de Rei por denunciar as irregularidades que se cometían?
- A Xunta de Galicia tiña constancia das irregularidades que se cometían no Concello de Palas de Rei?
- Considera que o rexedor de Palas de Rei, o señor Pablo Taboada e Fernando Pensado deberían presentar a dimisión como alcalde e concelleiro?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 02/11/2017 18:24:21

Luis Villares Naveira na data 02/11/2017 18:24:30

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 24.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 24.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 5108(10/PNC-000487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co fin de regular o ámbito material das leis chamadas de medidas ou de acompañamento, relacionadas coa Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5108
Data envio: 13/02/2017 19:05:53.244

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodriguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

No Diario Oficial de Galicia núm. 28 do 9 de febreiro actual vense de publicar a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. A exposición de motivos desta lei xustifica a súa aprobación en que os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas.

Sinala a continuación esta exposición de motivos que o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Supremo, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos en que desenvolve a súa acción.

Finalmente, esta exposición indica que, para unha maior eficacia e eficiencia, a lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Así, podemos observar, como de forma profusa se recolleu no debate parlamentario de aprobación desta lei xunto coa de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2017, a variedade de materias afectadas por esta disposición legal. Desde medidas en materia tributaria, de réxime financeiro e xestión económica, que efectivamente resultan precisas para completar as disposicións previstas na lei orzamentaria para este exercicio 2017, ata un total de vinte e unha leis sectoriais que resultan modificadas, como sinala a propia Lei de medidas, con vocación de permanencia. Desde a normativa en materia de emprego público ata a regulación do propio Consello Consultivo, pasando polas leis reguladoras de emprendemento, deporte, saúde, vivenda, protección de consumidores, metroloxía, xogo, minaría, comercio interior, montes e estruturas agrarias, I+D, portos, pesca, servizos sociais, urbanismo e solo ou transporte. Certamente poucos máis ámbitos competencias autonómicos quedaron sen modificar por esta Lei 2/2017.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5108
Data envio: 13/02/2017 19:05:53.244

Todos os Grupos parlamentarios da oposición criticamos duramente esta técnica lexislativa que vén empregando o Goberno do Sr. Feijoo cada exercicio con máis intensidade, poderíamos afirmar, que cada día con menos pudor. E esta crítica estriba na vulneración do principio democrático. A utilización desta forma de lexislar, acudindo ao procedemento lexislativo especial de aprobación orzamentaria, menoscaba o necesario debate parlamentario de cada unha das leis sectoriais que se modifican, evitando ao propio tempo a necesaria participación cidadá na tramitación da norma, e sometendo ao ordenamento xurídico de Galicia a unha innecesaria tensión e inseguridade. Todos os operadores xurídicos ven así constrinxida a súa seguridade xurídica e a esixible certeza que precisa o noso acervo normativo autonómico. Esta forma de lexislar ten un certo efecto descodificador do ordenamento xurídico. Mesmo algunha intervención no debate parlamentario da lei 2/2017 por parte de algún voceiro do Partido Popular recoñecía que esta técnica era certamente mellorable.

E aínda que o Tribunal Constitucional non considera esta clase de "lexislación de conxuntura" contraria á Constitución desde o punto de vista xurídico-constitucional (recente STC 2011/136), si observa que o recurso a este tipo de disposicións lexislativas, dotadas de gran heteroxeneidade, tramitadas polo procedemento de urxencia, pode afectar en certa medida ao exercicio efectivo do dereito á participación política dos poderes estatuídos. Nesta recente sentenza, o TC sinala que "*non cabe dúbida de que sería unha técnica máis perfecta a de circunscribir o debate político dun proxecto de lei a unha materia específica, o que alentaría unha maior especialización do mesmo e, posiblemente, unha mellor pureza técnica do resultado*".

Estamos así ante unha clara desnaturalización da función lexislativa, da concepción constitucional e estatutaria da lei. Como se afirma nun dos votos particulares á dita sentenza constitucional "*... a lei non é solo decisión da maioría, senón que, a través do procedemento lexislativo, permite a efectiva participación das minorías, debatendo o proxecto da maioría e formulando as súas propostas a través das emendas, todo isto de acordo coas esixencias indeclinables do principio de pluralismo político (art. 1.1 CE*)".

Pero non estamos aquí agora ante un xuízo de legalidade nin de constitucionalidade destas chamadas leis de acompañamento, estamos ante unha esixencia de mellora substancial da calidade democrática. Poñamos en Galicia límites a esta forma de lexislar, acoutemos os supostos e as materias propias destas leis, que non poden ser outras que aquelas que nacen vencelladas ás disposicións anuais orzamentarias, polo tanto, non con vocación de permanencia senón con eficacia unicamente vencellada ás contas anuais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5108
Data envio: 13/02/2017 19:05:53.244

Grupo Parlamentario

Lembremos, unha vez máis, que a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, reivindica unha democracia non entendida tan só como mecanismo de elección de gobernos mediante sufraxio senón como un sistema de imperio da lei, coas debidas garantías e tutelas das liberdades e dos dereitos individuais dos cidadáns e das cidadás.

Partido dos Socialistas de Galicia

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a regular, mediante a necesaria modificación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o ámbito material das leis chamadas de "medidas" ou de "acompañamento", que deberán circunscribirse unicamente a aquelas materias de carácter fiscal, financeiro ou económico que teñan relación directa coa Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2017 19:02:16

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2017 19:02:32

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2017 19:02:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2017 19:02:49

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 24.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 13259(10/PNC-001246)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para impulsar o proxecto Rugby nos cárceres

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 12:28
Nº Rexistro: 13259
Data envio: 28/07/2017 12:28:33.954

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Marcos Cal Ogando e Luis Villares Naveira** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión, relativa ao desenvolvemento dun proxecto para a práctica do rugby nas cárceres.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A FGR (Federación galega de rugby), trasládanos un proxecto de inclusión social a reclusos, mediante a práctica do rugby que facemos noso, dado o carácter integrador do Rugby a nivel físico, psicolóxico e social.

Este é un deporte de contacto que poden practicar mulleres e homes, cuxa principal característica é que transmite valores como o respecto polo rival, as normas e a autoridade do árbitro, o compañeirismo, o xogo limpo e a integridade, desde a súa aparición hai case 200 anos. É un deporte que ten sitio para todos, altos e baixos, pesados e lixeiros, rápidos e menos rápidos, nos diferentes postos do equipo e practícase en distintas modalidades competitivas o que fai as súas opcións de xogo infinitas (5,7,10, 13 ,15)

OBXECTIVOS

- Desarrollar un programa de iniciación ao rugby en centros penais para tratar de sumar na procura da integración á poboación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 12:28
Nº Rexistro: 13259
Data envio: 28/07/2017 12:28:33.954

- Presentar e dar a coñecer o rugby como deporte colectivo.

- Reforzar a formación global do alumno a nivel afectivo, cognitivo e motor por medio do proceso ensino-aprendizaxe dun deporte colectivo.

- Divertirse xogando ao rugby.

- Desenvolver as actitudes e aptitudes necesarias para xogar ao rugby

- Fomentar a solidariedade, o espírito de equipo e o respecto.

- Coñecer e comprender as regras básicas do rugby.

- Adquirir as habilidades técnicas específicas do rugby.

- Reforzar e/ou consolidar as habilidades motrices básicas.

- Desenvolver o compañeirismo e a aceptación.

- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración entre os alumnos.

- O respecto polo centro e as instalacións deportivas.

Dentro dos obxectivos que se marcan, como un punto e aparte dada a gran importancia que teñen neste deporte, e máis no traballo a desenvolver co colectivo ao que está vinculado o proxecto, será o traballo sobre os VALORES que o rugby xera e leva asociados, ademais da práctica do xogo e o exercicio físico aparellado, o rugby abarca unha cantidade de conceptos sociais e emocionais tales como coraxe, lealdade, espírito deportivo e traballo en equipo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 12:28
Nº Rexistro: 13259
Data envio: 28/07/2017 12:28:33.954

Dentro do manual das normas deste deporte inclúese un documento de xogo onde a IRB lembra a formadores e practicantes as cinco bases que o compoñen: INTEGRIDADE, SOLIDARIEDADE, PAIXÓN, DISCIPLINA E RESPECTO.

A proposta expón primeiramente, desenvolvelo nos centros penais da Lama (Pontevedra) e Teixeiro (A Coruña), dado que son os centros de Galicia onde se conta con instalacións apropiadas para o desenvolvemento do proxecto (aínda que é extrapolable a outros centros, comunidades, etc.).

Entendemos que con dúas horas semanais de adestramento, sería suficiente e levaríase a cabo entre novembro e maio. Tanto os monitores, como o material necesario, proporcionaríao a FGR, aínda que debido á precariedade económica de todas as federacións, e en especial da FGR, necesitaríase ou pequeno apoio económico para pagar aos monitores (12 €/ hora) e os seus desprazamentos (0.19 €/ km). Os e as monitoras, desprazaríanse desde as cidades máis próximas ao centro penal.

Realizouse xa unha experiencia no centro de Teixeiro, atopándose con algúns problemas: se non existe unha "orde" de IIPP (Institucións Penitenciarias), apoiando o proxecto, os responsables dos centros non adoitan prestar a súa colaboración así como por parte dos funcionarios, administrador, etc., co que é moi difícil levalo a cabo.

A intención da FGR , é achegar este deporte á sociedade en xeral, e, sobre todo, debido aos valores que desprende o rugby, axudar no posible á reinserción social da poboación recluída, así como nutrir aos clubs de posibles futuros xogadores. En contraprestación, só pide visibilidade a través do proxecto, é dicir, que se permita publicitalo, para que a sociedade coñeza as actividades da Federación e os seus obxectivos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 12:28
Nº Rexistro: 13259
Data envio: 28/07/2017 12:28:33.954

Este proxecto, pode desenvolverse tanto a nivel masculino, como feminino, aínda que somos coñecedores de que a poboación recluída é maioritariamente masculina.

Sería moi recomendable, tamén, que se permitise o poder disputar algún partido con equipos de fóra da prisión, ou mesmo intercentros, xa que é unha motivación fundamental para calquera deportista, o poder competir.

É por todo iso, que para poder dar viabilidade a este proxecto, debe haber unha orde expresa desde IIPP para conseguir a colaboración dos centros (evidentemente, respectando as medidas de seguridade).

Para poder inicialo, sería necesaria unha reunión previa cos responsables de deporte, psicólogos, educadores, xefes de servizos, director, etc. dos centros penais para darlle forma ao protocolo a seguir para poder levalo a cabo.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir para dar viabilidade a este proxecto tan positivo para a poboación reclusa.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Presentar o proxecto de "Rugby nas Cárceres" da Federación Galega de Rugby ante Institucións Penitenciarias do Goberno do Estado, instándolle a dar todas as facilidades e a colaboración precisa para o seu adecuado desenvolvemento.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 12:28
Nº Rexistro: 13259
Data envio: 28/07/2017 12:28:33.954

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2.- Dotar economicamente ao Proxecto, nas súas pequenas necesidades de financiamento, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, en colaboración coa Federación Galega de Rugby.

3.- Difundir a través da Secretaría Xeral para o Deporte esta encomiable actividade.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Marcos Cal Ogando
Luís Villares Naveira

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 28/07/2017 12:27:22

Luis Villares Naveira na data 28/07/2017 12:27:48

Marcos Cal Ogando na data 28/07/2017 12:27:55

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 24.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 20006(10/PNC-001624)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación cos ataques rexistrados contra o monumento que homenaxea as vítimas do franquismo e as súas familias na Volta da Moura, nos lindes dos concellos de Tui, O Porriño e Salceda de Caselas, así como a creación dunha rede de lugares da memoria democrática galega

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 11:32
Nº Rexistro: 20006
Data envio: 09/11/2017 11:32:48.391

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Volta da Moura, situada nos lindes dos concellos de Tui, O Porriño e Salceda de Caselas é un lugar marcado polo terror fascista que se produciu en Galiza despois do golpe militar do 20 de xullo de 1936.

Para honrar as persoas que foron asasinadas neste emprazamento, o colectivo *Levada Libre* e outras entidades ergueron alí un lugar da memoria democrática galega, integrado por unha oliveira que representa a paz, unha placa e un monolito cos nomes das persoas asasinadas e as súas compañeiras, que foron vítimas coma eles.

O pasado 6 de agosto tivo lugar un emotivo acto de inauguración deste espazo dedicado á memoria do terror mais tamén á lembranza do compromiso e a loita das persoas que defenderon a democracia, a República e os dereitos de Galiza.

A finais do pasado mes de outubro o monumento foi obxecto dun infame atentado que destruiu a placa informativa e lixou con pintura o monolito no que están escritos os nomes das persoas asasinadas. Trátase dun acto covarde, miserábel,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 11:32
Nº Rexistro: 20006
Data envio: 09/11/2017 11:32:48.391

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perpetrado con violencia, nocturnidade e aleivosía co propósito fascista de sementar de novo o odio e o desprezo cara persoas e ideais honestos e xenerosos.

Ese tipo de ataques contra lugares da memoria prodúcense con demasiada frecuencia. E non só agresións como a que se produciu na Volta da Moura. Tamén son cada vez máis habituais as manifestacións, declaracións e proclamas abertamente fascistas e de apoloxía do xenocidio franquista.

Estes actos prodúcense coa máis escandalosa impunidade e coa pasividade da administración do Estado, da Xunta de Galiza e dos corpos de seguridade. A permisividade institucional, o menosprezo da memoria histórica e das vítimas, a tolerancia cos intolerantes son o caldo de cultivo perfecto para a proliferación destas condutas fascistizantes e antidemocráticas.

Cómpre polo tanto que desde as institucións públicas se faga unha condena expresa destes actos e manifestacións franquistas e que se persiga as persoas que atentan contra os bens públicos e atacan a memoria das vítimas do terror franquista.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

1. Condenar de maneira firme e contundente os ataques contra o monumento que na Volta da Moura homenaxea ás vitimas do terror franquista e as súas familias.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 11:32
Nº Rexistro: 20006
Data envio: 09/11/2017 11:32:48.391

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Dirixirse á delegación do goberno do Estado en Galiza para que investigue e persiga as persoas ou organizacións responsábeis destes ataques que fomentan u odio e o desprezo contra ideiais democráticos.

3. Crear a rede de lugares da memoria democrática galega como espazos simbólicos da dignidade das vítimas, da loita contra o fanatismo e o terror franquista, e da defensa da paz, a democracia e as liberdades. Colaborar na protección, conservación, sinalización e promoción desta rede de lugares.

4. Desenvolver unha actuación favorábel cara á recuperación da memoria histórica democrática antifascista galega e apoiar o labor das entidades que traballan neste ámbito".

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 11:32
Nº Rexistro: 20006
Data envio: 09/11/2017 11:32:48.391

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/11/2017 11:32:07

Noa Presas Bergantiños na data 09/11/2017 11:32:12

María Montserrat Prado Cores na data 09/11/2017 11:32:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/11/2017 11:32:18

Olalla Rodil Fernández na data 09/11/2017 11:32:21

Ana Pontón Mondelo na data 09/11/2017 11:32:24